

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 24 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se modifica a Resolución do 12 de xaneiro de 2022, relativa á publicación das puntuacións definitivas da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019, e se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso.

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 13 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro), modificada pola Resolución do 21 de decembro de 2020 pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, dispón que, realizada polo respectivo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

De conformidade coa antedita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Advertido erro na puntuación definitiva asignada ao aspirante Manuel Jorge Rial Prado, con DNI ***0544**, na fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na especialidade de alergoloxía, publicada na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 12 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 14, do 21 de xaneiro), procede modificar esta nos termos que a seguir se indican:

Onde di:

DNI	Apelidos e nome	Acceso	1º	2º	3º	Resultado
***0544**	Rial Prado, Manuel Jorge	L	1,500	31,000	5,000	37,500

Debe dicir:

DNI	Apelidos e nome	Acceso	1º	2º	3º	Resultado
***0544**	Rial Prado, Manuel Jorge	L	2,000	31,875	5,000	38,875



Segundo. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) as puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 246, do 27 de decembro).

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. De conformidade coa base oitava da Resolución do 13 de decembro de 2019, contra os resultados da baremación provisional os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o respectivo tribunal de selección no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas da fase de concurso, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2022

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

